

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

DISCO XA Á VENDA

Rosalía en clave de jazz

Xa está á venda 'RosalíaXXI', un álbum no que Abe Rábade, Guadi Galego e Anxo Angueira lle poñen voz aos textos da poeta.

Redacción - 09:49 12/03/2008

As notas do [Abe Rábade Quartet](#) e as voces de [Guadi Galego](#) e [Anxo Angueira](#) traen os poemas de Rosalía ao século XXI. Un sopro de aire fresco, que pon de manifesto a atemporalidade da obra da poeta, a súa modernidade, o seu carácter revolucionariamente contemporáneo, reivindicando os seus textos máis inxustamente esquecidos. As melodías naceron en conversas de madrugada entre Abe Rábade e o finado Carlos Asorey no compostelán Dado Dadá, e nelas tamén participan Jesús Santandreu (saxo tenor), Nelson Cascais (contrabaixo) e Bruno Pedroso (batería).

[O disco, editado nun coidado digipack](#), foi presentado o pasado 18 de febreiro no Teatro Mella de La Habana, cun convidado de excepción: o cubano Pablo Milanés. RosalíaXXI preséntase unha das apostas musicais máis interesantes do ano.

Alborada

Tembra un neno

Listado completo de temas

1. A xusticia pola man
2. Padrón, Padrón, Santa María, Lestrove
3. Ladraban contra min
4. Cada noite eu chorando pensaba
5. Negra Sombra
6. A Rosalía/ Altares do Silencio
7. Tecín soía a miña tea
8. Tembra un neno

9. Miña Santiña

10. Alborada